



O xoves anterior as vacacións de Pascua Estefanía veu a enseñarnos a face-lo ramo de Pascua como o fan en Alemania e para explicarnos tróuxonos estas fotos.

Dixo que o día anterior falara coa súa irmá, que vive no nor-leste de Alemania e tiñan un metro de neve e que é nesa zona onde ten máis tradición. Entre todo o pobo



decoran unha árbore dun parque e logo nas casas fan ramos con ponlas cos brotes de follas a punto de agromar, como o que nos ensinou a facer a nós...

A xente desas zonas están moi habituados a sopla-los ovos para decoralos. Como moita xente é de relixión protestante (luteranos), son moi estrictos cumprindo as normas e na Cuaresma non poden comer moitas cousas pero en Pascua de Resurrección se van tódalas prohibicións por iso nas casas na semá anterior preparan xa moita comida e moitos doces con ovos e eses ovos en vez de cascalos, sópranos e sirven para decorar... Dixo que esa tradición viña da pascua xudía, Pésaj, que se estendeu por Rumanía, Polonia e demais países da zona norde nos que o sol chega máis tarde e Sabela dixo que ela mercou deses ovos decorados en Polonia e en Checoslovaquia cando ela era xoven...



Este é o primeiro ano que facémo-los ovos decorados antes das vacacións de Pascua, non sabía Sabela que se facían antes da Pascua... Soprámoslos, pintámoslos e colgámoslos no mesmo día...



Secando o color de fondo



Com Rosana fixémo-las tortillas, que comimos ás 12 h... Sabela tróuxonos algún ovo de paspallás e xa non o tivemos que decorar... porque ten manchas el...

Com Rosana fixémo-las tortillas, que comimos ás 12 h... Sabela tróuxonos algún ovo de paspallás e xa non o tivemos que decorar... porque ten manchas el...



Así quedou o Ramo de Pascua, no xarrón que nos prestou Estefanía, e así estaba cando volvímo-lo martes despois das vacacións, como estaba tamén Yoli, de música, que substitue a Gema, tamén fixemos unha foto con ela. 8 días despois aínda o recollimos e xa tiña as follas moi to máis grandes... Despois aproveitámo-lo ovos para



facer de polen de flores para agasallar...

En Internet apareceron estas fotos que nos axudan a ilustrar este tema....



Cólganse poñéndolles dentro un caño de misto no que se ata un fío



O maior ovo de Pascua, rumano, mide 7,25 m de altura



2009



Os anos



2010



2009



2008

pasados tamén soplamos ovos e os decoramos ... Ta-coitelos prá manteiga que nos de Chinchón, da provincia de Madrid, metidos nunha galiña e que levamos ta,én prá casa.



mén os ovos-trouxo Sabela



Foto de internet

Ramo con roscas e lazos, máis ben típico dos mordomos das comparsas das mascaradas do Antroido, tamén se trasladou nalgúns sitios ó Domingo de Ramos, nesa cristianización dos diálogos co ceo, das crenzas antergas, para que se instalara dunha vez o bon tempo... Os ramos que se soen levar hoxe son os que nos contan os nenos de Pantín:

“Domingo de Ramos

Por eiquí, o Domingo de Ramos, lévanse ás igrexas, para que os bendigan, uns ramos de **loureiro e oliveira, xuntos** (Galicia non é zona de oliveiras salvo en pequenas comarcas, por exemplo nalgún sitio da provincia de Ourense. A nosa zona non é delas pero en cada parroquia hai algunha, xustamente para ter pró día de Ramos, eiquí crecen moito ó alto e fan grandes árbores, anque as olivas non se logran). **Os rapaces compiten para face-lo máis grande ramo**, máis alto que as persoas, pero a xente en xeral lévao normal e logo tense na casa colgado coma unha protección. (Denantes cando a xente morría nas casas, usábase ese loureiro para salpicar ós moribundos con auga bendita, era frecuente ver nas mesiñas de noite dos moribundos un tarro con auga bendita e unha ponliña do loureiro apoiada nel, e de vez en cando lle salpicaban a auga ó enfermo.

Algúns engádenlle algunha flor ó ramo. Nas cidades véndese o loureiro e a oliveira nos mercados. En España, nas cidades, os nenos levan **palmas**, que se fabrican sobre todo en Elche, Alicante, (que ten o maior palmeiral de España). Están feitas de palma de palmeira, á que tempo denantes atan as ponlas para que non lles entre a luz e non se poñan verdes, esas palmas lindamente trezadas poñense logo nas casas ou nos balcóns”

“Cando constrúen casas en Galicia, despois de facelas placas, en canto tellan e mentras non rematan o edificio, os albaneles teñen moi arraigado aínda o costume de poñer unha gran ponla de **loureiro**, dereita, no cimo do tellado. Vanna a buscar a calquera seve das cercanías Moitos emigrantes españois cando construían edificios por Europa, mantiveron ese costume. Esta tradición parece indicar que o loureiro se poñía para protección e que é costume máis antergo, logo cristianizouse bendecíndoo o Domingo de Ramos.”

“O Domingo de Ramos tamén era cando se estreaba roupa, zapatos brancos ou negros de charol que xa quedaban pró verán e polo menos en Ferrol con esa roupa de estreno íase ás procesións. Hoxe en día o de estreir xa non é un rito dese día, a xente estrea roupa e calzado en calquera intre”.

En Sevilla decían este ano, 2010, na tele, un rapaz xoven: el que no estrena por Ramos pierde las manos...” por que parece que

ali siguen con esa tradición viva...

Estas son palmas que nos trae Sabela para que as vexamos, as amarelas son do ano e as outras de anos pasados pois se van poñendo amarradas... Fannas de moitísimos tamaños.



Fotos de Internet




A tradición das palmas é do Domingo de Ramos, na misa dese día as bendice o crego e está unida tamén á procesión da Borriquita, que rememora cando Xesús entrou en Xerusalén montado en burro e o recibiron con palmas...



Nas cidades españolas véndense nos mercados e floristerías, é onde máis se ven, levadas por nenas e nenas...



A palma que mostra Andrea é deste ano e a que mostra Mates é do ano pasado, co tempo vanse poñendo marróns...



“En España celébrase co Roscón de Pascua, que leva un ovo cocido no medio e que os padriños, sobre todo nas cidades, agasallan ós afillados. En Ferrol o luns de Pascua celébrase a Virxe de Chamorro (que é festivo comarcal) e a xente vai alí de merendola e festa polo monte. (En sitios de Italia tamén van de merendola ó campo o luns de Pascua, según nos contaron os amigos de Turín)” contan os de Pantín



O noso roscón de Pascua do 2008 co ovo agochado e esta é unha foto que



fixo Sabela este ano, 2010, en Gandía, Valencia, cos roscóns de Pascua e algúns teñen forma de serpe co ovo na boca...